Número 92
Xoves, 23 de febreiro do 2012
Publicación Mensual
da Diocese de Mondoñedo-Ferrol

pasión por el Evangelio

DÍA DEL SEMINARIO

19 de marzo de 2012

Toda Vida é unha Vocación

Vivir non é só realizarse
como persoa
nin asegurarse un benestar emocional.

Vivir é sobre todo sentir unha chamada
e estar disposto a dar unha resposta.

A vocación afecta a todo ser humano:
é a chamada a ser persoa en plenitude.

Desde a fe descubrimos
que Deus está efectivamente na orixe
e no remate da nosa vida.

Esta chamada só se capta
cando se atende a Aquel que chama,
nunha actitude de escoita e apertura.

De aí a importancia da oración.

Sumario

Páx. 2
Escribe o noso Bispo e novas relevantes da Igrexa

Páx. 3
Opinión.
Pedro Rodríguez Paz

Antonio Rodríguez Basanta

Páx. 4/5
A Fondo:
Paixón polo Evanxeo

Páx. 6
Cultura
Félix Villares Mouteira

Páx. 7
Diocese: Francisco Xabier Martínez

Faragullas: Félix Villares Mouteira

Páx. 8
Novas das Dioceses

Axenda

IGREXA

San Rosendo, un creyente apasionado

Mons. Manuel Sánchez Monge, Obispo de Mondoñedo-Ferrol

El Papa Benedicto XVI ha convocado el Año de la fe. Desde hace más de 1500 años, la fe cristiana se viene sembrando en las tierras que configuran nuestra Iglesia de Mondoñedo-Ferrol. San Rosendo, nuestro Patrono, vivió la fe y la predicó con entusiasmo. En tiempos de fe debilitada como los nuestros hemos de ir a las raíces en busca de nueva sabia y nuevo vigor. Pero no podemos conformarnos con acoger pasivamente el regalo de una fe que nos viene de muy lejos. La adhesión personal y entusiasta a Jesucristo ha de suscitar en nosotros el deseo de impulsar con nuestras vidas la 'nueva evangelización', a la que nos invitó nuestro querido Papa Juan Pablo II, y en cuya andadura está empeñado con nuevo impulso el actual Siervo de los siervos de Dios.

Contemplar la persona de San Rosendo es contemplar la figura de un Obispo que promueve la santidad y desempeña el ministerio evangelizador superando las dificultades e inconvenientes que encontró en su camino. Preocupado por la vida del pueblo, desempeñó un papel relevante como Pastor de nuestra Iglesia, que le ganó merecidamente títulos como padre de los pobres, defensor de Galicia, buen organizador de las estructuras eclesiásticas, promotor de vocaciones y del apostolado, ángel de la paz.

San Rosendo fue un creyente que no se centró en la teoría y las normas, sino en una profunda experiencia de Dios que le capacitó y sensibilizó para encontrar a Dios, para captar su lenguaje, para sentir su presencia en los acontecimientos de cada día: en las iglesias y monasterios que restauró, en la atención pastoral a sus sacerdotes, en el cuidado de los pobres, en la liberación de los esclavos, en la pacificación de los nobles de su tiempo, etc...

Hoy día es preciso que cada cristiano tenga una experiencia personal de Dios. Experiencia que desborde la pura teoría y que le otorgue a la fe una fuerza vital capaz de vencer la increencia ambiental, la sensación de 'locura' al apostar por los pobres y débiles del mundo, que son la mejor y la mayor gloria de Dios.

Si desvinculamos a Dios de nuestra vida cotidiana, nos quedaremos sin Dios, y sólo si le descubrimos, si le hablamos, si le amamos en los hechos cotidianos, podemos ser verdaderos creyentes. Se trata, pues, de una mística que desde el corazón de Dios nos devuelva al mundo, para que percibamos en él el latido del corazón misericordioso del Padre.

Estamos trabajando este curso de un modo especial para promover vocaciones al sacerdocio y a la vida consagrada. También muchos grupos extendidos a lo largo y ancho de nuestra diócesis mindoniense-ferrolana preparan el Congreso de laicos que se clausurará, si Dios quiere, en octubre de este año. Estas dos realidades las ponemos en manos de S. Rosendo, nuestro Patrono, para que produzcan abundantes frutos espirituales y pastorales entre nosotros.

Breves

Ana M. Barro - Agencias

"CONTEXTO SOCIAL ACTUAL E NOVA EVANXELIZACIÓN", LEMA DAS XXXII XORNADAS DE DELEGADOS DE APOSTOLADO SEGRAR

Os días 18 e 19 de febreiro celebráronse as XXXII Xornadas de Delegados de Apostolado Segrar, organizadas pola CEE co lema "Contexto social actual e nova evanxelización".

As Xornadas tiveron como obxectivo acoller as orientacións de Benedicto XVI dirixidas a todos os fieis laicos cristiáns das dioceses españolas nos seus discursos de Santiago de Compostela, Barcelona e JMJ. Ademais, pretendeuse sintonizar co momento actual da Igrexa nas súas preocupacións por unha nova evanxelización e urxir a necesidade de diálogo fe-cultura. Tamén se quixo animar ás delegacións a seguir traballando para acadar un laicado cristián maduro e responsable e aproveitar a formación cristiá para lograr unha maior conciencia. Ademais, intercambiáronse experiencias e proxectos para lograr ter unha clara conciencia de unidade de vida e de acción.

O curso estaba destinado aos delegados diocesanos de Apostolado Segrar ou representantes do equipo da delegación, así como consiliarios diocesanos e observadores invitados.

A CEE ORGANIZA XORNADAS NACIONAIS DE PATRIMONIO

A Comisión Episcopal para o Patrimonio Cultural da CEE organiza as VI Xornada de Estudo e Información, no marco do Proxecto de Investigación "A liberdade relixiosa en España e no Dereito Comparado: a súa incidencia na Comunidade de Madrid", aprobado pola Consellería de Educación da Comunidade de Madrid. Co lema "Patrimonio cultural da Igrexa e o marco lexislativo estatal e autonómico", os días 21 e 22 de marzo debatiranse temas sobre a protección e a defensa do Patrimonio Cultural da Igrexa.

Destinadas a delegados e directores de Patrimonio Cultural nas dioceses, delegados dos bispos nas Comisións Mixtas, directores de museos e arquivos, ecónomos e avogados das dioceses, deáns ou presidentes de cabidos, arquitectos, profesores de Dereito Canónico, de Dereito Eclesiástico do Estado e de Dereito Administrativo, responsables da administración estatal e autónoma dos bens culturais, así como a cantos estean interesados no tema, terá lugar na Sé da Conferencia Episcopal Española

Nelas abordaranse temas como o réxime tributario dos bens culturais de titularidade eclesiástica: con especial referencia ás fundacións e mecenados, ás comisións mixtas: o seu funcionamento e eficacia, a inmatriculación dos bens da igrexa: con especial referencia aos bens culturais, seguridade e defensa do patrimonio cultural ou a resposta concreta de seguridade, necesidade de elaborar un plan integral de seguridade: protección das persoas, dos bens culturais e actividades turísticas, determinar os procedementos, protocolos, plans de emerxencia e respostas.

"MEDIACIÓN E XUSTIZA RESTAURATIVA", LEMA DAS XIV XORNADAS NACIONAIS DE PASTORAL PENITENCIARIA

Do 2 ao 3 de marzo celebraranse as XIV Xornadas Nacionais de Pastoral Penitenciaria, organizadas polo Departamento de Pastoral Penitenciaria da Comisión Episcopal de Pastoral Social da CEE co lema "Mediación e xustiza restaurativa. Dimensión xurídica e social". O encontro pretende afondar na filosofía da xustiza restaurativa como forma alternativa de resolver conflitos e coñecer as estratexias de mediación e reconciliación social. Ademais, persigue descubrir novas claves de desenvolvemento da mediación para mellorar a acción dentro e fóra do cárcere.

"PEDAGOXÍA DO PRIMEIRO ANUNCIO", UN LIBRO QUE AFRONTA A NOVA EVANXELIZACIÓN

"Pedagoxía do primeiro anuncio" é o título do libro de Juan Carlos Carvajal Blanco que ven de publicar a editorial PPC. O libro nace no momento no que a Igrexa está a renovar o proxecto da Nova Evanxelización que foi convocado nos anos 80 polo beato Juan Pablo II. Esta premisa do autor pon de relevo que trata dun tema de fonda actualidade eclesial, como testemuña o arranque dado á evanxelización en América con Aparecida ou a creación do Dicasterio para a Nova Evanxelización.

O libro subliña que, no corazón da misión evanxelizadora da Igrexa, sempre estivo o primeiro anuncio: o anuncio do nome de Xesús, Fillo de Deus, e da acción salvadora que Deus realizou por medio da súa Pascua. Na Igrexa non todo é primeiro anuncio, pero, sen a acollida do anuncio de Xesucristo e do Deus que nel se revela, dificilmente todo o demais será recoñecido como comunicación divina e fonte de liberación.

Polo tanto, esta "Pedagoxía do primeiro anuncio" vai dirixida sobre todo aos países da vella cristiandade. Divídese

en catro capítulos: o primeiro amosa a pedagoxía como acompañamento que vai do encontro do home con Deus á fe en Xesuscristo; o segundo se adica á pastoral do primeiro anuncio, que é presenza, testemuña, diálogo e anuncio; o terceiro trata da distinción entre o primeiro anuncio, que acontece ao fío da vida no cotiá dun cristián entre os seus concidadáns, e a precatequese, a explicitación da mensaxe cristiá que é o punto de arranque da iniciación cristiá; o cuarto leva o nome de "Como servir a presenza de Deus nos tempos da idolatría?", unha proposta concreta para facer eficaz un diálogo evanxelizador coa cultura que envolve ao home de hoxe.

Juan Carlos Carvajal Blanco, sacerdote da arquidiocese de Madrid, é licenciado en Teoloxía Catequética pola Universidade de San Dámaso e doutor en Teoloxía Sistemática pola Universidade Pontificia de Salamanca. Docente na Facultade de Teoloxía San Dámaso, é autor de varios libros e de múltiples artigos en revistas especializadas.

EMERXENCIA ALIMENTARIA NO SAHEL

Máis dun millón de nenos menores de cinco anos precisan tratamento nos centros de alimentación para a desnutrición aguda grave da rexión africana do Sahel, segundo publicou a axencia da ONU para a infancia, Unicef.

Unicef leva meses traballando para evitar que a emerxencia se agrave. A escaseza de chuvias afectou ás colleitas e deixou en situación precaria a comunidades enteiras. Segundo a análise da situación realizada durante o verano e o outono polos equipos de nutrición de Unicef, sete dos oito países da zona presentan focos con elevadas taxas de desnutrición en nenos menores de cinco anos. Os índices de desnutrición nas rexións máis secas de Chad e Mauritania, Níger ou Mali, requiren unha resposta de emerxencia. Comunidades enteiras de Burkina Faso, Senegal, o norte de Camerún e Nigeria tamén están en risco.

Existe un tratamento terapéutico que combate a desnutrición. Por iso, o esforzo de Unicef e os seus aliados céntrase en conseguir suficiente cantidade de alimento terapéutico ante as crecentes necesidades que se agardan para os próximos meses, e así, evitar unha emerxencia a grande escala. "O desafío é grande e, si se acadan os recursos necesarios para unha acción a grande escala, aínda se está a tempo de evitar unha catástrofe humanitaria", advirte Unicef.

OPINIÓN

Comenzamos la Cuaresma

Pedro Rodríguez Paz. Delegado diocesano de Liturgia

Quedas invitado, amigo mío, no a un "safari", sino a un viaje de cuarenta días; no se trata de aventurarte en un excitante recorrido por el desierto. De todos modos puede ser algo sano y reconfortante para la vida.

Para no perderte te ofrezco tres pistas: compartir, oración, olvido de sí. Te aviso, además, que se trata de un viaje en grupo, en comunidad; no te aísles ni se te pase por la cabeza aventurarte en solitario. Contarás también con unos guías muy especiales: los Profetas y el mismo Jesús, Maestro y Pastor.

Cada domingo haremos una parada: una subida a la Montaña, una caminata a Jerusalén, una Cena y una gran Fiesta, la Pascua. Cada lectura te dejará un mensaje para que lo lleves en el corazón hacia la Pascua; pero también te prevengo: tendrás que hacer esfuerzos de peregrino para alcanzar la meta. Se trata de renovar la vida, de rehacer relaciones, de hacer un esfuerzo por acercarnos al Evangelio. Las palabras de Isaías están dichas hoy también para ti: *"eres precioso a mis ojos, eres estimado, Yo te amo"*.

Todos los años, en la Cuaresma, los dos primeros domingos nos presentan dos escenas emblemáticas: las Tentaciones y la Transfiguración, leídas en el evangelista del ciclo "B" correspondiente a este año. En los tres domingos siguientes el Evangelio nos invita a mirar la Cruz de Cristo y a contemplar la muerte del Señor como una forma de vivir esta vida.

Todo este ciclo B tiene un sentido Cristológico – Pascual centrado en la glorificación del Señor: *Jesús es el nuevo Templo* (Jn 2,13-25/ tercer domingo); *Dios envía al Hijo para salvar el mundo* (Jn 3,14-21/ cuarto domingo); *el grano de trigo, si muere, dará fruto abundante* (Jn 12,20-33/ quinto domingo).

La Cuaresma nos lleva a la Pascua, la nueva Creación, la comunión con Dios; un camino para recorrer con ganas, con un deseo vivo y con una fe gozosa. Pero es también un momento de opción en el desierto, para fiarnos de Dios, para profundizar en el sentido y en el valor de ser cristianos; para reconocer y corregir errores individuales y colectivos.

Aunque no es un hecho social relevante no demos por perdido o caduco el intento. Aquí también podemos ser tentados por el demonio; entiéndase bien, es un camino de renovación, de conversión y de primavera espiritual; es como bañarnos en la vida de un Dios que resucita. No hay nada que nos recuerde este tiempo en que estamos: vivimos muy de prisa, sin tiempo para prepararnos y disfrutar con calma de este periodo anual. Hay dos aspectos a cuidar:

- *lo personal:* se trata de vigilar para hacer de la vida una auténtica cuaresma, desde esta pregunta: ¿qué haré para vivir la preparación de la Pascua? Puedo dedicar más tiempo a la oración, prestar algún servicio significativo; aumentar la cuota que doy para Cáritas. ¿Por qué no concretar todo esto en un programa cuaresmal?

- *lo litúrgico:* hay que tener en cuenta la posibilidad de ofrecer signos cuaresmales bien significativos que hablen por sí mismos, que nos digan claramente que estamos en Cuaresma: ornamentación floral austera; paño morado; cantos propios y no solo apropiados. Estaría bien cantar cada domingo el mismo canto cuaresmal.

Finalmente, unas "sugerencias pastorales":

1. Una buena catequesis sobre los "misterios" a partir del Catecismo de la Iglesia Católica.

2. Organizar celebraciones de la Palabra y encuentros de Oración.

3. Buscar espacios y días para el Sacramento de la Penitencia.

4. Revisar la experiencia catecumenal.

5. Cuidar especialmente la caridad; que nuestra Cuaresma sea la Cuaresma de la fraternidad.

6. Aprovechar para una convivencia parroquial.

7. Iniciar algo nuevo en la parroquia con motivo del Congreso Diocesano de Laicos.

8. Acentuar la formación desde el Catecismo de la Iglesia Católica.

9. Celebración comunitaria del sacramento del perdón.

10. Disponibilidad para escuchar, acompañar y estar cerca de las personas, etc.

Además la tradicional trilogía cuaresmal: limosna, oración y ayuno. Y no olvides esto: Cristo en la Cuaresma es protagonista, modelo y maestro.

Educar en algo máis que en valores

Antonio Rodríguez Basanta

Estamos ante unha conxuntura nova do home, da sociedade e da cultura, entendida esta no seu sentido máis amplo. Xunto aos valores evidentes do noso tempo, como son, entre outros, o progreso material, os avances da ciencia, a sociedade de benestar, a sensibilidade ante a inxustiza e os dereitos das persoas a unha vida digna, a solidariedade en tempos de crise, o coidado da natureza e o medio ambiente, a nostalxia de Deus e, en moitos casos, a volta ao relixioso, etc., estamos inmersos nunha nova situación que presenta uns trazos propios e que ten un nome: a "postmodernidade". Desde aquí o home convértese na medida de todas as cousas, constitúese no centro do universo e ata cre que pode realizarse sen ningunha referencia a Deus. Priman as emocións e os sentimentos sobre as decisións, búscase o pracer fácil, o éxito rápido, o enriquecemento inmediato, o vivir a permanente novidade, en aras dun gozoso presente que eclipsa o futuro, etc.

Ante esta situación, a moderna pedagoxía apostou e segue apostando desde hai bastantes anos pola educación en valores como referentes que marcan as pautas e as metas da vida. Educar en valores é propoñer e convidar aos educandos a que progresivamente vaian integrando nas súas vidas estas formas de ser e de actuar. O que non sempre nin moito menos resulta fácil xa que supón un proceso e esixe unha disciplina, unha ascese, unha loita persoal. E, sobre todo, necesítase contar coa axuda de alguén - o educador - que os encarne na propia vida e, desde aí, como un referente vivo e próximo, oriente e acompañe ao educando facilitando o coñecemento e a asimilación dos valores.

Sen embargo, isto non é suficiente nin sempre é posible. Os valores, aínda que algúns son permanentes, tamén son cambiantes en función das épocas, das culturas e das persoas que os transmiten. Ademais os cálculos, os plans educativos, os obxectivos e os medios chocan frecuentemente coa realidade da fraxilidade humana e as circunstancias sociais e culturais de cada momento, que condicionan á persoa. Sobre todo no caso da adolescencia, que está marcada por unha situación persoal de cambio, transformación e inestabilidade.

Educar non consiste, sen máis, en cumprir estritamente unhas normas ou consignas. Se fose así caeriamos nunha disciplina excesivamente esixente e inhumana, e nun voluntarismo frustrante chamado ao fracaso. Por outra banda, se a educación consiste na proposta duns valores que aportan un sentido,

a partir dun proxecto inspirado nunha filosofía da vida, desde a nosa identidade cristiá non podemos ocultar as razóns de porqué optamos por un tipo educación concreto. A nosa filosofía da vida formulouna recentemente Benedicto XVI dirixíndose aos mozos que participaron na JMJ: "Non somos froito de casualidade ou da irracionalidade, senón que na orixe da nosa existencia hai un proxecto de amor de Deus"

Por tanto, a nosa referencia última está, por así dicir, no valor dos valores, que é Deus mesmo, Pai de tenrura e misericordia; na fonte de todos os valores, que é o seu Espírito cos seus dons; na personificación e encarnación perfecta dos valores, que é Xesucristo. A diferenza fundamental céntrase no lema con Deus ou sen Deus. Sen Deus, cimentados exclusivamente na nosa natureza humana, sempre fráxil e limitada, corremos o risco de quedarnos sós e fracasar. Con Deus, é dicir, abríndonos ao seu misterio que nos transcende e, á vez, se nos móstra próximo e condescendente na persoa, na vida e nas palabras de Xesús de Nazaret, o Fillo de Deus, será posible o crecemento e a maduración por encima dos fracasos, xa que fomos creados á súa "imaxe e semellanza".

Educar desde esta perspectiva implica, por tanto, buscar e redescubrir a pegada e o sinal dese Deus nas nosas vidas; coñecelo, desexalo, experimentar a súa proximidade amorosa e plenificante; acollernos á súa graza e á súa misericordia; e amalo, hasta deixar que nos conduza a onde soamente el sabe e quere.

Máis que en valores, isto é educar en "virtudes". Hai virtudes humanas, as chamadas "cardinais" ou principais, que guían a nosa conduta e son as clásicas da "prudencia, a xustiza, a fortaleza e a temperanza". E hai virtudes que teñen a súa orixe en Deus mesmo. Por iso chámanse "teologais": e son, como sabemos, "a fe, a esperanza e a caridade".

Pasar de educar en valores para educar tamén en virtudes representa un paso cualitativo na educación. É como pasar da "ascética", con todo o que supón de esforzo e asimilación, á "mística", que non é outra cousa que educar na experiencia do encontro con Xesucristo e no seu seguimento.

A FONDO

dumio

"Paixón polo Evanxeo" é o que necesitamos na Igrexa...

...e persoas vocacionadas, disponibles, serviciais a "fondo perdido".

Un ano máis o "Día do Seminario" recórdanos esta necesidade que temos, particularmente na nosa Igrexa de Mondoñedo-Ferrol.

Hai que orar, rogando ao Dono da colleita que mande obreiros para o Reino.

Hai tamén que propoñer e mesmo pedir abertamente á xente nova, ás familias e as comunidades a súa disponibilidade para responder con xenerosidade á chamada de Deus. Depende de ti e de cada un dos que nos dicimos crentes e seguidores de Xesús.

A vocación sacerdotal como camiño

Gonzalo Varela Alvariño. Reitor do Teologado San Rosendo

Temos oído, e mesmo usamos, moitas veces, expresións como *homo sapiens, homo habilis, homo faber, homo loquens, homo legens, homo ridens,* e, mesmo ultimamente, homo zapping. Todas elas expresan caracterizacións especiais do ser humano. Pero, sen dúbida, a máis xenuinamente antropolóxica de todas é a de *homo viator.*

Non existe ningún outro ser, fóra do home, capaz de viaxar. Os planetas teñen órbitas, os animais rutas; pero o home, en canto que viaxa por camiños, é o único ao que pode aplicárselle, con todo dereito, a expresión viator. Por iso dicimos que as ideas de viaxe e de camiño son especificamente humanas.

Podemos, ao mesmo tempo, entender este homo viator, en dous sentidos. O primeiro sentido sería o físico, é dicir, o camiño que seguimos para desprazarnos dun lugar a outro. O segundo sentido, sería o simbólico, isto é, a busca da perfección ou desprendemento das realidades mundanas, para agarrarse ao mundo definitivo, que é camiñar cara á eternidade.

Adán, o primeiro home, é tamén o primeiro peregrino, que co seu pecado conferiu á humanidade a súa condición peregrinante (Xén 3). Abrahán responderá á vocación de Deus converténdose en *homo viator,* ao ter que deixar a súa terra, a súa patria e a casa do seu pai, para poñerse en camiño cara á terra prometida (Xén 12).

Pero, sobre todo, queremos sublinar aquí a experiencia do Pobo de Deus como pobo peregrino. Estar en camiño é a condición esencial do pobo de Israel. Israel nace como pobo precisamente no camiño (ex-odos). A experiencia do éxodo é a experiencia fundante para o pobo de Deus. No camiño do deserto Israel nace como pobo e é precisamente nese camiño onde teñen lugar os acontecementos esenciais da revelación veterotestamentaria, ao tempo que Israel descobre a JHWH como o *Deus viator.* É o Deus que peregrina co seu pobo.

É así como o Pobo de Deus se pon en camiño *(ex-odos)* e empeza a ser libre. A festa anual da Pascua celebra esta liberación e recorda para sempre a condición peregrina de Israel, pois a comida pascual ha de tomarse coa cintura cinguida, as sandalias nos pés e o bastón na man (Ex 12, 11). Todos estes xestos recordarán para sempre a Israel que é un pobo peregrino.

Algo semellante descubrimos no Evanxeo. A experiencia do seguimento de Xesús podería moi ben constituír a fórmula breve do cristianismo. Nos evanxeos sinópticos encontramos a miúdo a chamada de Xesús, "ségueme", dirixida aos seus discípulos. Seguir alguén é ir detrás del polo camiño. Xesús é, no evanxeo, o *homo viator* por excelencia. Os discípulos, deixándoo todo, séguenо, vanse con el. Esta condición itinerante de Xesús e dos seus discípulos marcará decisivamente o seu estilo de vida.

Eu son o camiño, a verdade e a vida (Xn 14). Estas palabras de Xesús, que recolle o cuarto evanxeo, convén situalas no seu contexto. Trátase do discurso de despedida despois da cea pascual. Os discípulos senten inquietude e tristura ante a hora inminente de Cristo. Xesús é o camiño *(odos)* para chegar ao Pai. El encarna o verdadeiro e definitivo éxodo. Por iso, seguir o camiño de Xesús, seguilo a El, é camiñar cara ao Pai, camiñar cara á salvación. É a mesma experiencia do éxodo de Israel cara á terra prometida. O seguimento de Cristo é o noso éxodo, o éxodo da Igrexa.

Esta é a experiencia cristiá fundamental. Esta é, tamén, se queremos, con máis radicalidade, a experiencia do sacerdote. A mesma experiencia que viven os seminaristas cada día da súa vida, esforzándose por se poñer en camiño, vivindo un novo éxodo, ao seguir a Aquel que os chamou para estaren con el e para envialos a predicar (Mc 3, 13-14).

Llamado a servir

Alejandro Piñón Espasandin. Diácono

Algunos piensan que el diaconado es sólo un paso de camino hacia el presbiterado, otros dicen que tiene entidad propia; pero casi siempre se contrapone una perspectiva con la otra. En mí se dan simultáneamente estas dos realidades: este paso hacia el presbiterado está suponiendo para mí un tiempo intenso de gracia.

Algunos piensan que un diácono no puede ser 'medio-cura', pero yo tengo claro que un cura ha de ser primero diácono. Y es el orden lógico. Un discípulo de Jesús para ser 'anciano', pues es lo que significa la palabra 'presbítero' y que tiente connotación de veterania, ha de ser primero 'servidor', que es a donde apunta el término 'diácono'. Quizás de ahí el título para este artículo. Aunque he de reconocer que el título no es original, pues se refiere a un libro de Miguel Ponce Cuéllar sobre "Teología del sacerdocio ministerial".

Este servicio como diácono lo procuro vivir como una entrega incondicional a Cristo y a la Iglesia, no entendida sólo como jerarquía sino como todo el Pueblo de Dios. Todo do lo que hago, todo lo que estudio y todo lo que rezo tiene como fondo la práctica de la caridad, el anuncio del evangelio y la celebración de acontecimiento salvador de Cristo en favor de todos aquellos con los que me cruzo en el día a día. Un diaconado vivido intensamente supone una preparación importante para el ministerio que sigue.

Esta etapa la estoy viviendo en la parroquia de Santa María de Caranza (Ferrol). Para mí es una suerte seguir mi formación en un lugar en el que se me ofrecen espacios para crecer, para aprender a amar a la Iglesia en su diversidad de carismas y ministerios, para conocer el amplio espectro social que hay en el mundo (en el barrio hay gente de toda condición social: necesitados, gitanos, inmigrantes, gente obrera, médicos, ingenieros, profesores, militares…). El encontrarme cada día con ellos, aunque no me lo crean, es para mí un regalo de Dios. La liturgia y mi oración personal me ayudan a encontrarme con Cristo, pero su rostro lo veo cada vez que colaboro en Cáritas, cada vez que voy a la Residencia de Mayores del barrio, cada vez que llevo la comunión o visito a un enfermo, en cada niño y joven de la catequesis, en cada sacerdote…

Doy gracias a Dios por este tiempo de gracia, porque me está ayudando a conocer mis límites y mis capacidades, porque a través de cada uno de los antes citados expresa su amor incondicional por mí, por mi familia, que ilusionada me apoya en el inicio de mi vida pastoral, y por mis amigos. También le doy gracias por mi otra familia, los sacerdotes (y también el obispo, don Manuel), que cada día siento más y más cercanos, trabajar al lado de ellos es un regalo que Dios me ofrece. Que Dios me ayude a conservar todo este afecto hacia ellos durante toda mi vida.

Espero con ilusión el día de mi Ordenación como Presbítero, pues siento que Dios me ha llamado para esto. E invito a que cada uno viva su vocación con intensidad, entrega y alegría y, los que no la hayan descubierto, abra su corazón y sus oídos a la Palabra de Dios, pues, aunque a veces no le escuchemos, Él nos habla.

OBXECTIVOS DA DELEGACIÓN DIOCESANA DE PASTORAL VOCACIONAL

COMUNIDADES VIVAS: "O Señor segue chamando"

OBXETIVO XERAL

Traballar, animados e unidos a nivel diocesano nos diversos campos de pastoral ordinaria, para conseguir impulsar a Pastoral Vocacional para o sacerdocio e a vida consagrada.

OBXETIVOS ESPECIFICOS

1. Desenrolar un itinerario para un acompañamento de posibles persoas vocacionadas.
2. Crear grupos de persoas en acompañamento vocacional.
3. Fomentar a sensibilización e oración polas vocacións.
4. Atención particular aos xoves que participaron na Xornada Mundial da Xuventude.
5. Facer presente o Seminario Menor e o Teologado nas parroquias.
6. Coidar e fomentar os monagos nas parroquias, organizar encontros e ter con eles un acompañamento.
7. Organizar ao redor do Encontro da Canción Vocacional, actos, encontros, oracións, etc.
8. Coidado e actualización do Blog dentro da web diocesana.
9. Informar e facilitar sobre posibles materiais para traballar coas vocacións.

ACCIÓNS

- Celebrar o "Día do Seminario".
- Organizar o Festival da Canción Vocacional.
- Convocar o Día do Monago.
- Xornada Mundial da Oración polas Vocacións.
- Posible creación de CENTROS DE ORIENTACIÓN VOCACIONAL por zonas.
- Encontros de oración polas vocacións nos mosteiros, arciprestados e parroquias.
- Traballar a Carta pastoral do noso Bispo sobre a Pastoral Vocacional.
- Faladoiros ('tertulias') nos colexios.
- Informar e ofrecer aos profesores materiais e actividades para a clase de relixión.
- Visita dos sacerdotes por arciprestados ao noso Teologado.
- De cara ao Día do Seminario ver a posibilidade de realizar testemuño dos seminaristas .
- Fomentar a creación de monagos nas parroquias, cun un material de formación.
- Crear en cada arciprestado unha Escola de Monagos.

Entrevista ...

Javier de Rosende Roca

Javier de Rosende Roca, natural de Os Vilares de Parga, é o diácono que está colaborando actualmente na Unidade Pastoral das Pontes. Con el mantivemos esta entrevista:

DUMIO: ¿Cándo te sentiches chamado ao sacerdocio?

JAVIER: Non sabería dicir un momento exacto no que un pode pensar "Deus chámame para ser sacerdote"; no meu caso foi unha chamada que se foi prolongando no tempo, ata case a maioría de idade. Eu era un rapaz normal, non me distinguía en nada dos rapaces do meu pobo, salvo que eu ía os domingos á misa, e mesmo era o sancristán, creo que ioi influíu moito na miña vida. Eu alí sentíame moi ben, facía o que me mandaba don Vicente Casas, o párroco, e el animábame en todo. De aí que outro antigo cura dos Vilares, don Segundo Pérez, me animaba a que fora para o Seminario Menor, e eu fun en 2º da ESO para Mondoñedo. Foi alí cando eu empecei a descubrir que Deus me chamaba, aínda que era unha chamada débil, que fun madurando ó longo dos cursos que fixen en Mondoñedo, ata que ós 18 anos marchei para o Teologado, para facer a Teoloxía no Instituto Teolóxico Compostelán.

D.: ¿Qué persoas influíron nesta decisión?

J.: Foron moitas persoas as que influíron na miña vocación, para empezar, a miña familia nunca rexeitou esa posibilidade, cousa que me abriu as portas para facer o que desexase coa miña vida. Outras persoas moi importantes foron os meus curas, tanto don Vicente, don Segundo ou don Manuel Mejuto, que me animaban moito cara ó sacerdocio, pero quizás os que máis me axudaron foron os formadores do Seminario Menor, porque alí conviviamos como nunha familia e plantexábante o de ser sacerdote como algo normal, e vías que eran unhas persoas normais que Deus chamaba para ser cura, o mesmo nos podería pasar a nos. Foi cos formadores cos cales un podía falar abertamente do que Deus che pedía, e eran eles o que che axudaban a dar os pasos necesarios para descubrir o sentido do que o Señor che encomendaba.

D.: ¿Qué che din os teus amigos e veciños deste camiño que tomaches na vida?

J.: As reaccións foron moi amplas, desde aqueles que se metían contigo por estar no Seminario, como aqueles que che animaban a seguir, a que fose feliz. Eu creo que teño uns amigos que son un tesouro e que nunca se riron de min por estar no Seminario, e que mesmo me animaban a que non me escondese, que o de ser cura non era algo do que se había que avergonzar, senón todo o contrario. Os meus veciños sempre me animaron a ser sacerdote, algún xa dicía que eu ía ser o "futuro cura dos Vilares". En xeral, creo que a moitos lles fai ilusión o ter alguén cercano que sexa cura, aínda que se rexeite moitas veces a fe.

D.: Qué calidades subliñarías como necesarias no sacerdote de hoxe?

J.: Eu creo que debe de ser un sacerdote como aquel que había hai anos en cada parroquia, un home que tiña gañada a confianza da xente, que acudían a el en momentos difíceis da súa vida… un home entregado pola parroquia e polos fieis, aquel que coñecía cada familia, que os acompañaba tantos nas alegrías como nos momentos de morte ou dor. Era un home que anunciaba cada día a Deus no medio de cada familia, eu creo que iso é o que se necesita, alguén que leve os demais cara a Deus.

D.: ¿Qué pensas que habería que facer para suscitar vocacións ao ministerio sacerdotal entre os xoves?

J.: Eu creo que debería de traballarse cos rapaces de maneira que se sintan necesarios para a Igrexa, que esta institución sexa querida por eles; á vez que habería que acompañalos no seu proceso vocacional, de maneira que vexa claro cal é o camiño polo que Deus os chama, dado que é na xuventude cando se toman decisións importantes na vida.

D.: Como diácono nas Pontes de García Rodríguez, ¿qué tarefas asumes na pastoral das parroquias que atendedes en equipo?

J.: Eu, na Unidade Pastoral das Pontes, colaboro cos sacerdotes na pastoral no que me van pedindo, pero principalmente o que fago e atender o despacho parroquial, visita ós enfermos, colaborar na catequese, administro os Sacramentos… unha vida chea de traballo pastoral, pero tamén de moitas alegrías e ilusións.

Algunos datos para pensar... sobre nuestra Diócesis de Mondoñedo-Ferrol

- Población .....284.966 habitantes
- Parroquias.....422
- Seminaristas mayores..... 4
- Diáconos.....2
- Sacerdotes menores de 65 años 48
- Sacerdotes mayores de 65 años.....120

Sacerdotes en total.....**168**

CULTURA

Cen anos do pasamento de Leiras Pulpeiro

Félix Villares Mouteira

Mondoñedo, un ano si e outro tamén, celebra a efeméride dun poeta, dun escritor, dun músico. Se neste últimos anos se lembrou a Aquilino Iglesia Alvariño, a Xosé Díaz Jácome ou a Alvaro Cunqueiro, este ano 2012 tócalle a quenda a Manuel Leiras Pulpeiro. No mes de novembro cúmprense os cen anos do seu pasamento.

Manuel Leiras Pulpeiro naceu en Mondoñedo, na rúa da Ronda -hoxe rúa de Febrero- o 25 de outubro de 1854. Seu pai era médico ciruxano, natural de Lindín e súa nai era nativa de Cangas de Foz. Ó día seguinte foi bautizado na parroquia de Santiago.

Pasa a súa nenez en Mondoñedo. Entre 1866 e 1869 cursou no Seminario de Mondoñedo tres cursos de Latín e un de Filosofía. Unha vez que abandona o Seminario estudia medicina na Universidade Central na que acada a Licenciatura o 22 de decembro de 1877. Pasa a vivir en Mondoñedo onde exerce de médico, sendo moi querido pola xente. En 1888 casa en Mondoñedo con María do Milagros Andía Villar coa que terá oito fillos.

En 1905, Manuel Murguía comunícalle a Leiras Pulpeiro o seu nomeamento de académico de número da Real Academia Galega, pero Leiras renuncia.

O pasamento de Leiras Pulpeiro tivo lugar en Mondoñedo o 9 de novembro de 1912, cando tiña cincuenta e oito anos. O seu enterro, segundo a prensa local da época, foi unha gran manifestación de dor e de afecto. Na súa campa, no vello cemiterio mindoniense, ten o seguinte epitafio: *"Amou a verdade e practicou o ben"*.

Leiras Pulpeiro publicou en 1911, na Imprensa mindoniense de H. Mancebo o libro *Cantares Gallegos.* En 1930, a imprenta coruñesa Nós publicará o 1º volume das Obras Completas titulado *Poesías.* En 1970, na Editorial Galaxia de Vigo, Xosé L. Franco Grande publica *Poesía completa* cun estudio crítico. En 1983, co gallo de adicarlle o Día das Letras Galegas, aparecen dúas edicións da obra completa de Leiras: unha de Reimunde Noreña, e, outra, do profesor Xesús Alonso Montero.

De Leiras Pulpeiro escribiu Ricardo Carballo Calero:

"Pola súa formación, Leiras é un poeta do dazanove. Non se pode decir que creará un mundo poético novo. Mesmo o dominio que demostra poseer das diversas cordas da lira, impidiulle aquela concentración nun tono determinado que xeralmente é indispensable para a realización dunha obra xenial. Pero Leiras ten personalidade, unha personalidade destacada, briosa i estensa, un temperamento acusado e atractivo. A súa poesía é moi viva, e, dende logo galega polos catro costados".[1]

[1] CARBALLO CALERO, RICARDO, Historia da Literatura Galega, 2ª ed., Vigo, Editorial Galaxia, 1975, páxina 436.

Hemeroteca de "Estudios Mindonienses"

Por Carlos Alonso Charlón

"Reales Sitios", a revista de Patrimonio Nacional

O Servizo de Publicacións de Patrimonio Nacional edita, ininterrompidamente dende o ano 1964, a revista institucional Reales Sitios, publicación científica de periodicidade trimestral, dedicada á difusión de traballos de investigación histórico-artísticos sobre os bens culturais vencellados á Coroa de España e á cultura cortesá.

A través dunha coidada presentación, brinda atención preferente ós argumentos historiográficos relacionados coas artes plásticas e ornamentais, a arquitectura e os libros e documentos, sen excluir outras cuestións de perspectiva diferente á da Historia do Arte.

Cada un dos números da revista acompáñanse dun CD multimedia, no que se adxuntan a reproducción completa dos documentos propios das investigacións, un maior número de ilustracións en alta calidade e a traducción ao inglés de todos os seus contidos.

A nosa hemeroteca comeza a recibir esta publicación, en intercambio co anuario Estudios Mindonienses, no ano 2007, atopándose dispoñible para o seu préstamo ou consulta na sé principal da Domus Ecclesiae de Ferrol.

Encontraredes máis información na páxina web www.patrimonionacional.es.

Me basta tu gracia (CD. Ana Belén Gómez)

San Pablo multimedia, Madrid, 2011

Son 12 cancións coas que a autora quere compartir a súa fe e amosar as súas vivencias co Deus que ama. Queren ser un canto de loanza a Deus por tantos momentos de gracia.

Inclúe o CD, un Bonus track Centinelas de la aurora, tema presentado ó concurso da JMJ Madrid 2011, que tivo moitos votos, polo tanto, moi boa acollida.

POPIELUSZKO (POLONIA, 2009)

Dirección: Rafal Wieczynski
Producción: Luca Bernabé
Intérpretes: Adam Woronowicz, Zbigniew Zamachowski, M. Frackowiak, Joanna Szczepkowska, R. Pazura, W. Solarz
Duración: 108 minutos
Estreno en España: Janeiro 2012.

É unha historia sobre a vida e martirio do Padre Jerzy Popieluszko, heroe do movemento "Solidaridad", brutalmente asasinado polos servizos de seguridade do goberno polaco, réxime comunista prosoviético implacable, en outubro de 1984. Na película, tamén aparecen os días do "Sindicato Solidaridad", así como a situación política da Polonia dos anos 80.

Considerado un heroe polos polacos, foi beatificado en Varsovia o 6 de xuño do ano pasado.

"Falando dos inimigos dicía: Estou a fuxir do odio; a miña loita é contra o mal, non contra as súas vítimas".

DIOCESE

Nuestras Contemplativas

Monasterio de la Purísima Concepción Mondoñedo

Francisco Xabier Martínez Prieto

En la actualidad once Madres Concepcionistas acompañan la vida de Mondoñedo, oriundas de Perillo, Santiago, Curtis, Ferrol, una novicia originaria de Kenia y una profesa de Kerala (India). La comunidad fue fundada el 25 de Octubre de 1639 por Doña María Pardo de Andrade, que lo situó previamente en el "Coto de Otero" (legando las tierras un vecino de Mondoñedo) donde se estableció la comunidad en el 1656 con la llegada de las primeras monjas que procedían del Monasterio de Viveiro del que ya hemos referido un anterior artículo.

Pronto este primer monasterio se presentó ruinoso y Doña María Marquesa Pardo y Lanzós Aguiar y Montouto, vecina de León les donó un nuevo lugar y comenzaron a construir el actual convento con la ayuda del obispo, trasladándose al mismo en Mayo de 1714. La edificación se realizó junto a una de las puertas de la antigua muralla de Mondoñedo (la de Batitales). Con Iglesia de planta rectangular, con nave de dos tramos de bóveda de aristas, así como el presbiterio, cúpula de media naranja y retablos barrocos de mérito. El monasterio cuenta con coros alto y bajo, claustro de tres alturas, entrada con la imagen pétrea de la Inmaculada y con dos escudos de

los fundadores y de la Orden Franciscana. El propio Obispo Mindoniense, Monseñor Muñoz y Salcedo, les legó su propio palacio para residir en aquel difícil momento en que la primera edificación estuvo en ruinas, marchándose él provisionalmente a los Padres Franciscanos de Viveiro durante cuatro años. Fueron constructores de la nueva obra Antonio Blanco y Salvador Fernández, ambos de de Mondoñedo, junto con José Lepine de Santa Eulalia de Budián. La edificación de la Iglesia corrió a cargo del maestro José Terrón de Pontedeume, ciudad ésta donde estuvo a punto de ser ubicado.

Siguiendo los pasos de sus fundadores Beatriz de Silva y San Francisco de Asís, las Madres Concepcionistas constituyen un referente de vida y vivencia del Evangelio. Con casi 90 años y superada por los 90 años de su compañera sor María de la Concepción Rivera Barreira, la ferrolana Madre Dolores María de los Ángeles Lorenzo Santiago sigue dirigiendo, diseñando y dibujando los bordados que se realizan muy cuidadosamente en esta casa. En la actualidad se están realizando, entre otras labores, el bordado para la restauración y réplica del de la Venerable Orden Tercera que desfilará en la Semana Santa vivariense, y un nuevo estandarte para la nueva cofradía de los Dolores y el Nazareno de Ortigueira. A lo largo de los siglos se han realizado multitud de bordados y trabajos de zurcido y arreglo de ornamentos para la propia catedral mindoniense, y para muchas de las parroquias de nuestro entorno diocesano.

Arropadas por un buen grupo de seglares, oran junto a ellas horas de sexta y vísperas a diario y forman un coro de acompaña al de la comunidad en muchas de sus solemnidades (Santa Beatriz, la Inmaculada, Pentecostés, Domingos de San José…), y que dan un gran testimonio de afecto, estímulo, compromiso cristiano y apoyo. En la actualidad es superiora de esta comunidad la Madre María Rosa Iglesias Casais y su capellán D. José María López García, que lo es también del Hospital "San Paulo" de Mondoñedo, así como de la Residencia-Asilo de Mondoñedo. Lo fueron anteriormente el recientemente fallecido sacerdote diocesano D. Manuel Anllo Cabana y D. Jaime Cabot Bujosa, de entrañable recuerdo y testimonio de santidad en la vida de Mondoñedo.

La comunidad viene de celebrar en el año 2010 el V Centenario de la Orden con multitud de actos que acompañaron los vecinos, gentes y en especial, los niños de Mondoñedo.

Faragullas

Félix Villares Mouteira

CURSOS DE FORMACIÓN DE CÁRITAS

Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol, dentro do Programa de Empleo, que patrocina o Fondo Social Europeo, organiza varios cursos de formación nos vindeiros meses. Así terán lugar os seguintes cursos: **1) Curso de iniciación á costura:** vai celebrarse na Sé de Cáritas, na rúa Magdalena de Ferrol, desde o vinte e un de febreiro ó vinte e oito de xuño. **2) Cursos de Formación de Mariñeiros de Cuberta:** o primeiro terá lugar do dezanove de marzo ó dezaoito de abril. O prazo para inscribirse comezou o pasado día sete de febreiro e rematará o dez de marzo. O segundo curso celebrarase nos meses de setembro-outubro. Estes dous cursos van celebrarse no Centro de Formación "Vicente Gradaille" de Celeiro – Viveiro. **3) Cursos de Auxiliar na Dependencia:** o primeiro vai celebrarse en Ferrol desde o doce de marzo ó quince de xullo. O prazo para inscribirse comezou o pasado día sete de febreiro e rematará o oito de marzo. O segundo dos cursos vai levarse adiante en Vilalba nos meses de setembro a decembro. **4) Cursos de Camareira de pisos e Hostelería:** van ter lugar en Burela, na Academia A Mariña. O primeiro comezará o dezaseis de abril e rematará o dezaoito de maio. O segundo vai ter lugar do vinte e oito de maio ó vinte e nove de xuño. Para ambos cursos o prazo para anotarse abriuse o pasado sete de febreiro e remata o trinta de marzo.

Ademais destes cursos, Cáritas continúa levando adiante a acollida e orientación laboral, desde onde se xestionan ofertas laborais e se recollen demandas. Tamén se apoia a busca activa de emprego a través da realización de curriculums, cartas de presentación, preparación de entrevistas...

CURSIÑOS PREMATRIMONIAIS

Os arciprestados da Diocese teñen xa teñen en marcha o plan de cursiños prematrimoniais para o ano 2012. Velaquí o calendario: No **arcipresta-do de Ferrol,** que van ter lugar nos locais parroquiais de Nosa Señora do Rosario, un dos cursiños vai celebrarse os días tres, dez, dezasete e vinte e catro de marzo ás oito e media da tarde. Outro cursiño terá lugar o vinte de dous de setembro en xornada de mañá e tarde. **Arciprestado de Xuvia:** Na igrexa de Nosa Señora do Carme en Valdoviño terán lugar os días tres, dez, dezasete e vinte e catro de marzo ás nove da tarde. Nos locais parroquiais de San Xosé Obreiro de Narón van ter lugar os días cinco, doce, dezanove e vinte e seis de maio, tamén ás nove da tarde. **Arciprestado de Terra Chá:** Os cursiños van ter como marco o Centro Parroquial de Vilalba e comezarán ás oito e media da tarde. Terán lugar os días vinte e catro e trinta e un de marzo, vinte e un e vinte e oito de abril, dezanove e vinte e seis de maio e vinte e tres e trinta de xuño. **Arciprestado de Ribadeo-Miranda:** Os cursiños darán comezo ás oito e media da tarde na Domus "López Galuá" de Ribadeo. Terán lugar os días dez e dezasete de febreiro, nove e dezasis de marzo, trece e vinte de abril, once e dazaoito de maio e oito e quince de xuño.

CONVIVENCIA XUVENIL EN MONDOÑEDO

O pasado día catro de febreiro celebrouse unha **convivencia xuvenil no Arciprestado de Mondoñedo,** que tivo como marco o Seminario Santa Catarina. Deu comezo ás cinco da tarde e rematou ás oito e media. Asistiron varios rapaces e rapazas do arciprestado. Nesta convivencia falouse da importancia de dar pasos na vida, de crer que Deus fixo a nosa vida para amar e que non estamos sos. Houbo tamén momentos para traballar en grupos. Rematouse na capela cunha oración perante o Santísimo.

MEDALLA "PRO ECCLESIA ET PONTIFICE"

O papa Benedicto XVI concedeulle a medalla "Pro Ecclesia et Pontífice" a don **Miguel Carlos Vidal Vázquez** en recoñecemento do seu gran traballo de asesoramento como membro do Consello diocesano de Asuntos Económicos desde o ano 1994 ata setembro de 2011. Esta distinción foi solicitada no seu día polo noso Bispo, Mons. Sánchez Monge. O acto de entrega da medalla e o seu correspondente diploma por parte do Bispo terá lugar no salón de actos do Bispado en Ferrol, o día 1 de marzo, solemnidade de San Rosendo, Patrono da Diocese.

dumio
PUBLICACIÓN MENSUAL DA DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Editores
La Voz de Galicia
Servicio Diocesano de Comunicación
Director
Antonio Rodríguez Basanta

Redacción
Ana M. Barro,
Ramón Loureiro,
Javier Martínez, Concha Quintela,
Antonio Valín, Félix Villares.

Enderezo Postal
Apdo. 176 - 15480 Ferrol
(A Coruña)
Enderezo electrónico
dumio@mondonedoferrol.org

Dumio na WEB
www.mondonedoferrol.org
www.lavozdegalicia.es
Deseño e Impresión
La Voz de Galicia

Galicia

C. Quintela

DIOCESES

DIOCESE DE LUGO

XORNADAS ABIERTAS DE TEOLOXÍA

O pasado 7 de febreiro comezaron las XXVI XORNADAS ABERTAS DE TEOLOXÍA que cada año organiza el Instituto Teolóxico Lucense. Este año el tema elixido foi a familia.

Abriu este ciclo de conferencias o Reitor de la Universidade Pontificia de Salamanca, Angel Galindo García sobre "De los derechos en la familia a los derechos de la familia".

O día 8 a conferencia, co título de "Familia y Estado: la libertad de enseñanza en la encrucijada", foi a cargo de Dª Elena Otero-Novas Miranda, avogada do Estado del Tribunal Supremo y secretaria do Padroado da Fundación universitaria San Pablo CEU.

O día 9, Mons. Carlos Manuel Escribano Subias, bispo de Teruel, falou sobre "La pastoral familiar". Todas las conferencias tiveron lugar en el Círculo de las Artes.

DIOCESE DE TUI-VIGO

CONDICIÓNS PARA GAÑAR A INDULXENCIA XUBILAR

No decreto de concesión do Ano Xubilar de San Pelaio, o Bispo recorda as condicións para obter as grazas do "xubileo de San Pelaio" similares ás de calquera outro xubileo: confesión e comuñón, e participar nas celebracións relixiosas ao visitar o templo de Albeos.

O Bispo no seu Decreto pide que desde ese Templo Xubilar " se foménte unha intensa Catequese sobre o Sacramento da Reconciliación ou da Penitencia, e promóvase e facilite a recepción do mesmo, de forma que os fieis, daquela feligresía como de calquera outra da Diocese, e aínda doutros lugares, arrepentidos dos seus pecados leves ou graves, poidan lucrar as indulxencias parciais e demais grazas, que ofrece a nosa Santa Nai Igrexa, visitando o Templo Xubilar e, participando nas celebracións litúrxicas ou de devoción popular recomendándose a recitación do Símbolo da Fe (Credo) e do Noso Pai, polas intencións do Romano Pontífice.

Quen, por enfermidade ou outra causa lexítima, achárense impedidos de asistir, poderán obter devanditas grazas e indulxencias, uníndose espiritualmente ás celebracións indicadas".

DIOCESE DE OURENSE

LEONARDO LEMOS, ORDENADO NOVO BISPO DE OURENSE

Leonardo Lemos Montanet foi ordenado novo bispo de Ourense e tomou posesión da mesma Sede o sábado 11 de febreiro, nun acto presidido polo arcebispo de Santiago, Xulián Barrio, ao que acudiu, entre outros, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e que se celebrou na Catedral da Cidade das Burgas.

Mons. Barrio desexou a Lemos Montanet un ministerio "longo e cheo de froitos" nun "día de gozo e de esperanza" para os fieis ourensáns, ao tempo que agradeceu a Leonardo Lemos "o fiel servizo á Igrexa compostelá". A continuación, Barrio destacou que "o bispo está chamado a asumir a forma de vida apostólica, os sufrimentos apostólicos polo anuncio e a difusión do Evanxeo", xunto ao "coidado paternal dos fieis que lle foron confiados, a defensa dos débiles e a constante atención ao pobo de Deus". Por iso, Barrio destacou que "o ministerio episcopal ha de alentar a esperanza de quen, ameazados por mitos ilusorios e polo pesimismo de soños que se desvanecen, e de cantos aflixidos polas múltiples formas de pobreza, contemplan á Igrexa como monte das Bienaventuranzas".

Na intervención final de Leonardo Lemos estableceu "o seminario e as vocacións" como os obxectivos pastorais do seu pontificado, á vez que defendeu que a Igrexa "non é un coto pechado avocado a particularismos estériles, nin unha multinacional máis ou menos operativa", senón "unha gran familia aberta a todos". Engadindo que "xuntos somos responsables desta Igrexa que peregrina en Ourense, no medio das tribulacións do mundo e dos consolos de Deus. Son consciente de que na medida en que esta unión sexa máis efectiva e afectiva, os nosos traballos pastorais serán máis fecundos. Así mesmo, fixo fincapé en que o Seminario de Ourense, "a pesar dos momentos críticos" en momentos do pasado, "mantívose fiel a si mesmas grazas ao tesón dos seus pastores".

A última ordenación episcopal celebrada na Catedral de Ourense tivo lugar hai 15 anos e foi a de monseñor Carlos Osorio Sierra. O seu sucesor, o actual administrador apostólico, Luís Quinteiro, era xa bispo auxiliar de Santiago canto tomou posesión da diocese en 2002. O lema do seu ministerio episcopal é 'Omnia in Caritate' (Todo en caridade), recollido dun pensamento do apóstolo San Paulo na Carta Primeira aos Corintios, que foi a lema tamén do cardeal arcebispo de Santiago monseñor Fernando Quiroga Palacios.

Axenda

CONVIVENCIA XUVENIL

Pasado mañá, sábado, día vinte e cinco de febreiro, vai ter lugar na Casa Diocesana de Miño unha Convivencia Xuvenil de preparación para o Congreso de Laicos que se vai celebrar na Diocese de Mondoñedo-Ferrol. O lema desta Convivencia é: "Ti contas nesta historia". Dará comezo ás dez e media da mañá e rematará ás seis da tarde. Os destinatarios son rapaces e rapazas de máis de quince anos.

RETIRO DE CORESMA

O Arciprestado de Ferrol organiza o día vinte e seis, primeiro Domingo de Coresma, unha xornada de retiro para os fieis das parroquias. Vai ter lugar, na igrexa de Nosa Señora do Rosario, comezando ás cinco tarde e rematando coa celebración da Eucaristía ás oito da tarde. Vai dirixir esta xornada de retiro Francisco Xabier Martínez Prieto, párroco de San Sadurniño.

FESTA DE SAN ROSENDO

O vindeiro día primeiro de marzo, xoves, celebrarase a solemnidade de San Rosendo, Patrono da Diocese de Mondoñedo-Ferrol. Co gallo desta festa vai ter lugar na Santa Igrexa Catedral Basílica de Mondoñedo, ás doce da mañá, unha Eucaristía solemne que vai presidir o Bispo da Diocese, monseñor Sánchez Monge. En Ferrol, ese mesmo día, ás seis da tarde no salón de actos da Domus Ecclesiae, terá lugar a imposición da medalla "Pro Ecclesia e Pontifice" a don Miguel Carlos Vidal Vázquez.

DÍA DE HISPANOAMÉRICA

O domingo, día catro de febreiro, vaise celebrar o Día de Hispanoamérica co lema "comprometidos con América na Nova Evanxelización", para seguir potenciando a comuñón e a colaboración dos misioneiros españois (sacerdotes, consagrados e laicos) con aquel continente irmán.

DÍA DO SEMINARIO

O vindeiro día dezaoito de marzo, domingo, celébrase o tradicional Día do Seminario, que é unha chamada de atención á comunidade cristiá sobre a súa responsabilidade na pastoral das vocacións ó ministerio sacerdotal. Esta xornada debe ser o momento propicio para que cada cristián tome conciencia da súa responsabilidade de orar polas vocacións e comprometerse para que haxa máis e mellores sacerdotes. O lema deste ano é "Paixón polo Evanxeo"

ORDENACIÓN SACERDOTAL

Ese mesmo día, domingo 18, ás 5 da tarde na Catedral de Mondoñedo, o Bispo da Diocese, Mons. Manuel Sánchez Monge ordenará presbítero ao diácono Alejandro Piñón Espasandín, que actualmente está desempeñando o seu servizo pastoral na Parroquia de Santa María de Caranza (Ferrol).

XORNADA PRO-VIDA

A Xornada Pro-Vida, que tradicionalmente ten lugar o día da solemnidade da Anunciación do Señor (25 de marzo), por quen nos ven a verdadeira vida, vai celebrarse o luns, día vinte e seis, xa que o día vinte e cinco cae en domingo de Coresma.

CONGRESO DIOCESANO DE LAICOS

Corazones desiertos: desesperanza,
hambrientos de amor, vacíos sin fe.
Son tantas vidas sedientas de paz.
Son tantas vidas sedientas de luz.
Son tantas vidas sedientas... de Dios.

Himno do Congreso (jóvenes y adultos)

VE, SE MI JORNALERO

VE TÚ TAMBIÉN HOY A MI VIÑA.
EL MUNDO NECESITA DE MI AMOR.
SE TÚ TAMBIÉN MI JORNALERO,
ABRE TU VIDA A LA MISIÓN.

Busca en tu vida, en tu interior.
En cada fracaso, en el desamor.
Son llagas que hiere a tu corazón.
Son llagas que claman por tu conversión.
Son llagas abiertas en el corazón del Señor.

NOTICIAS

O Congreso no Alto do Castiñeiro (Narón)

O 4 de xaneiro foi presentado o Congreso a tódolos grupos da parroquia nunha xornada de festiva de Nadal, quedando en iniciar os temas propios o venres 27 de xaneiro as 8 da tarde, logo dunha convocatoria previa nas Eucaristías do fin de semana, e editando uns folletos de man como invitación personalizada.

A resposta non foi a esperada pero sobrepasouse os 30 participantes en tres grupos que iniciaron o traballo coa enquisa que foi traballada con tres animadores laicos. Para algúns dos participantes era a primeira vez que participaban nun grupo de reflexión parroquial e agradecían a posibilidade de que a súa voz fose escoitada, así como asumiron o compromiso de participar nos temas seguintes, e de invitar persoalmente a novos participantes.

Convocatorias por zonas

En Viveiro, Vilalba e Ferrol tiveron lugar as convocatorias dos animadores dos grupos do Congreso. Houbo un tema de reflexión sobre "O laicado no Novo Testamento" a cargo do sacerdote diocesano Cándido Otero López, e un momento de oración ao estilo Taizé, que animaron os irmáns Oscar e Javier Santiago Sanmartín, tamén sacerdotes. A concorrencia máis sobresaínte foi a de Viveiro, sinal do interese que suscita o Congreso nesta zona da Diocese.

Cada último Xoves de mes en La Voz de Galicia
www.mondonedoferrol.org

dumio

Páxinas en galego subvencionadas por:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

O equipo de redacción de Dumio quere agradecer todas as felicitacións e suxestións que recibiu de moitas persoas e institucións. No noso afán de seguir mellorando, comunicamos ós nosos lectores que estamos abertos a todo tipo de colaboración. Poden facernos chegar as súas aportacións a través do noso enderezo postal ou electrónico.